

Collín e expliqueime / vai el e di: unha aproximación baseada no uso ás construcións hendiádicas en galego

Collín e expliqueime / vai el e di: a usage-based approach to hendiadic constructions in Galician

Javier Rivas

(Universidade de Colorado, Boulder / rivasrod@colorado.edu)

Data de recepción: 02/09/2024 – Data de aceptación: 15/10/2024

Resumo: Neste traballo proporciónase unha análise das construcións hendiádicas do galego con *coller* (*collín e expliqueime*) e *ir* (*vai el e di*) baseada nun corpus de datos de discurso natural. Identificamos o contexto discursivo en que emerxen as ditas construcións en oracións coordinadas que cumpren a mesma función retórica: atrasar un punto climático da narración. A través dunha análise variacionista, determinamos os contextos recorrentes de uso da construción nova (a hendiádica) en contraposición á construción antiga (a coordinada). Os resultados suxiren que as construcións hendiádicas con *coller* e con *ir* teñen patróns de uso moi diferentes. Os factores lingüísticos que se consideran na análise (temporalidade e persoa gramatical do suxeito de *coller/ir*, Aktionsart do segundo verbo) non condicionan de maneira significativa a aparición das construcións hendiádicas con *coller*, o cal se interpreta coma evidencia de gramaticalización avanzada. Pola contra, nas construcións con *ir*, obsérvase nos datos un nesgo cara ao presente, á terceira persoa de singular e aos estados de cousas tólicos. Estes resultados agochan a existencia dunha micro-construción [*vai* SUXEITO e VERBO2 (V2)], cuxa función é mover a narración cara adiante en contextos en que varios participantes compiten pola referencia do suxeito do evento do V2.

Palabras chave: Construción hendiádica, contrario ás expectativas, gramaticalización, pseudo-coordinación, verbos de movemento.

Sumario: 1. Introducción. 2. As construcións hendiádicas. 3. Datos e metodoloxía. 4. Resultados. 5. Análise. 6 Conclusións. Referencias bibliográficas

Abstract: This study provides an analysis of Galician hendiadic constructions with *coller* ‘take’ (*collín e expliqueime* ‘lit.: I took and explained myself’) and *ir* ‘go’ (*vai el e di* ‘he goes and says’) using naturally occurring data. We identify coordinating clauses whose rhetorical function is to delay a climatic point in the narrative as the discourse context from which hendiadic constructions emerge. Using variationist methodology, we determine the recurrent usage patterns of the (new) hendiadic construction in opposition to the (old) coordinating construction. Our results suggest that hendiadic constructions with *coller* and with *ir* present very different usage patterns. The linguistic factors we consider in the analysis (tense and subject grammatical person of *coller/ir* and Aktionsart of the second verb) do not significantly condition the occurrence of hendiadic constructions with *coller*. We interpret this result as evidence of advanced grammaticalization. In contrast, in *ir* constructions our data shows a bias towards present tense, third person singular subjects and telic states of affairs. These results can be explained by means of the existence of a micro-construction [*vai* ‘s/he goes’ SUBJECT e ‘and’ VERB2 (V2)], whose function is to move the narration forward in contexts in which several participants compete for the subject reference of V2.

Keywords: Hendiadic construction, counter-expectation, grammaticalization, pseudo-coordination, movement verbs.

Contents: 1. Introduction. 2. Hendiadic constructions. 3. Data and methodology. 4. Results. 5. Analysis. 6 Conclusions. Bibliographic references.

1. Introducción

O obxecto de estudo deste traballo é unha construción que consta de dous verbos en forma persoal unidos por medio da conxunción *e*. Porén, a diferenza das oracións coordinadas, que remiten a dous eventos separados, nesta construción faise referencia a un único evento. Os fragmentos (1) e (2), tomados de cadansúa conversa informal, proporcionan exemplos en letra negra e cursiva:

(1) OICO-URB-CBAS-SANTIAGODECOMPOSTELA-06-2014

¿non sabes cando me dixeron | que:: | era micromachismo | decir que | que si que o é | é-o | pero | que era micromachismo dicir | que | eu | estou máis cómoda nun piso compartíndo-o cunha muller que cun home? || e todo o mundo {<arremendando voces falando simultaneamente>} | bóta-se-me enriba miña | e *collín e expliquei-me* ||

(2) OIED-RUR-CHEN-BUEU-12-1967

pero pr'o outro día pola mañán á hora do traballo xuntámonos aquí no | na | no | no almacén <1,5s> e xa os outros solo se presentaron a el || e dixéronlle: <1,4s> ¿que che pasa? ¿que pasou onte? ¿que pasou o d'ayere? e *vai el e dille* "eu cousa coma ela na miña vida a vin" ||

As construcións *collín e expliqueime* e *vai el e dille* interprétanse ambas como unha única acción (*explicarse* e *dicir* respectivamente). Os verbos que aparecen no primeiro membro da construción perden o seu significado orixinario de 'agarrar, apresar' (*coller*) e de 'moverse cara a un lugar' (*ir*) e adquiren valores retóricos e discursivos máis abstractos. Nos dous exemplos, os verbos que aparecen unidos a través da conxunción *e* comparten o mesmo suxeito (*eu, el*), temporalidade (*pretérito, presente*), modo (*indicativo*) e polaridade (*afirmativa*). Para describir estas construcións, acuñáronse diferentes termos na bibliografía. Polo seu parecido formal coas estruturas coordinadas, Quirk / Greenbaum / Leech / Svartvik (1985: 978) trátanas coma un exemplo de pseudo-coordinación. Por outra parte, Hopper (2002) descríbeas como construcións hendiádicas porque, a pesar de estaren unidos pola conxunción *e*, a relación que se establece entre ambos os verbos aseméllase a unha relación de subordinación na que [*coller/ir e*] funcionan como un adxunto gramatical do segundo verbo (Hopper 2002: 154)¹.

A pesar de ser a construción hendiádica un fenómeno recorrente nas linguas (Ross 2016), recibiu escasa atención na gramática de linguas particulares, incluída a do galego². Porén, nas últimas décadas a dita construción foi obxecto de estudo dende diferentes perspectivas entre as que se inclúen aproximacións descritivas

¹ Esta construción tamén se coñece como *coordinación falsa, coordinación asimétrica, hendiade verbal, serialización verbal, subcoordinación, concordancia verbo a verbo, construción de dobre verbo, construcións verbais paratáticas e construción pleonástica* (Ross 2014: 117).

² Rivas Cid (1994) estudou exemplos en galego como *agarrou e mirou* ou *foi e marchou* e interpretounos como perífrases aspectuais.

(por ex., Bravo 2020, para o español), comparativas (Giusti / Di Caro / Ross 2022) e tipolóxicas (Ross 2022). Nesta liña, é de destacar o traballo de Giusti / Di Caro / Ross eds. (2022), o cal inclúe estudos máis descritivos enfocados en diferentes linguas romances, xermánicas, eslavas e semíticas, así como estudos comparativos ou aproximacións teóricas dende a gramática formal. Estas achegas contribúen enormemente ao noso coñecemento desta construción. Porén, a maioría das análises que se presentan nestes traballos están baseadas nun número limitado de exemplos xeralmente descontextualizados ou en xuízos de gramaticalidade. Xa que logo, neste estudo ofreceremos unha análise das construcións hendiádicas baseada nun corpus de datos de discurso natural. Seguindo a liña de estudos previos de corte funcional (por ex. Sánchez-Ayala 1999, Hopper 2002, Sánchez-Ayala / Rivas 2015, Drew / Hakulinen / Heinemann / Niemi / Rossi 2021), o obxectivo deste traballo é ofrecer unha aproximación baseada no uso (Bybee 2010) á construción hendiádica. Utilizaremos a metodoloxía variacionista para identificarmos os patróns recorrentes de uso desta construción comparándoos cos da estrutura coordinada. Na sección seguinte explicamos o contexto discursivo en que emerxe a construción hendiádica.

2. As construcións hendiádicas

Orixinariamente, o termo *hendiade* remite a unha figura retórica en que dous nomes aparecen unidos por coordinación cando, de feito, un deles está subordinado ao outro. Un exemplo desta figura atopámolo nas *Xeórxicas* de Virxilio (Ross 2014: 120):

- (3) *pateris libamus et auro*
 cunca-ABLATIVO.PLURAL beber-PRESENTE-nós e ouro-ABLATIVO.PLURAL
 ‘bebemos en cuncas e ouro (é dicir, en cuncas de ouro)’

En (3), os nomes *pateris* (*paterae*) e *auro* (*aurus*) están unidos a través da conxunción coordinante *et* (‘cuncas e ouro’) aínda que o segundo nome expresa unha calidade das cuncas (*cuncas de ouro*). De xeito semellante, en construcións como *collín e expliqueime* en (1), aparecen dous verbos enlazados a través de *e*, a pesar de que a relación que se establece entre eles non é de coordinación propiamente dita; máis ben o primeiro verbo (*coller*) parece depender do segundo, que é o que achega o significado léxico á construción.

As construcións hendiádicas e as construcións coordinadas comparten o mesmo patrón sintáctico: [VERBO1 (V1) + *e* + VERBO2 (V2)]. Nas construcións coordinadas cada un destes verbos expresa un evento diferente, como se pode ver en (4) e (5):

(4) OIED-RUR-CHEN-CORISTANCO-01-1967

entonces levantáronse | desaunaron e marcharon ao traballo || e veu unha clase de pescado <1,4s> que se chamaba xarabullo || e *a ama colliu o pescado e preparouno* pa a noite pa cando viñeron ||

(5) OIED-RUR-CHEN-ABEGONDO-01-1966

ese señor que usted me falou aí cuando eu cheguei; de barbeiros | ponte | manuel de ponte || si | si | si | si || si | xa lle | xa lle pasou algo deso | si | xa lle pasou algo deso || si || e despois *foi a santiago e curouse alí* | non sei en que | en que sitio se curou | eso non sei ||

En (4), os verbos *colliu* e *preparouno* aparecen unidos a través da conxunción *e*. Cada un deles remite a unha evento diferente: *coller o pescado* e *preparar o pescado*. O verbo *coller* leva un obxecto directo (*o pescado*) e mantén o seu significado léxico. O referente do obxecto directo do segundo verbo (*preparar*) é o mesmo, e polo tanto exprésase a través do pronome clítico *o*. En (5), *foi a Santiago e curouse alí* tamén amosa dous eventos separados: *ir a Santiago* e *curarse*. Como *coller* en (4), *ir* tamén conserva o seu significado orixinario (movemento) e constrúese cun complemento adverbial (*a Santiago*).

Estas construcións coordinadas utilízanse para aumentar a granularidade do evento (Stathi 2023: 38), é dicir, o grao de precisión con que se expresa. En ambos os casos, a información máis relevante para a narración recae no V2: *preparou pescado e curouse en Santiago*. De feito, as ditas construcións aparecen ás veces como reparacións dunha mensaxe que o falante transmitiu no contexto inmediatamente anterior:

(6) OICO-URB-CBAS-SANTIAGODECOMPOSTELA-03-2014

por eso || nin pensas [o día a día | {<medo> ai} que vou morrer || {<medo> ai que *vou coller o coche e vou morrer*}||

En (6) o falante repara a mensaxe *que vou morrer* a través dunha construción coordinada que aumenta a granularidade do evento: *vou coller o coche e vou morrer*. De novo temos dúas accións separadas. O verbo *coller* mantén o seu significado orixinario de ‘agarrar’ e leva un obxecto directo (*o coche*), que se utiliza para indicar o instrumento co que ten lugar o evento que aparece como V2 (*matarse co coche*). Neste contexto, *vou coller o coche* ten unha función retórica: crear «vulto» (Hopper 2002: 169) para dar prominencia a un punto climático da narración que aparece expresado a través do V2 da construción.

Os fragmentos que se inclúen en (4), (5) e (6) representan o contexto discursivo específico en que emerxe a construción hendiádica, despois de sufrir unha serie de cambios asociados xeralmente cos procesos de gramaticalización (Hopper / Traugott 2003, Lehmann 2015)³. Como indica Bybee (2010: 30), as construcións

³ A gramaticalización é un proceso a través do que un elemento léxico ou construción adquire, en contextos moi específicos de uso, un valor gramatical. Por exemplo, o verbo *ir* é un dos marcadores de que dispoñemos en galego para expresar futuro. Porén, *ir* non

novas (por ex., a construción hendiádica) son exemplos específicos de construcións máis antigas (neste caso, a construción coordinada) cuxos compoñentes experimentan unha perda de analizabilidade gramatical e de composicionalidade semántica. No caso da construción hendiádica, o V1 sofre un proceso de descategorización. Dende o punto de vista gramatical, experimenta unha redución da súa estrutura argumental. *Coller* aparece sen obxecto directo. Ás veces, coma en (7), poderíamos argumentar que o contexto circundante remite a un obxecto directo que non está claramente especificado. Así mesmo, aínda que debilitado, o verbo *coller* parece conservar o seu significado orixinal de ‘agarrar’:

(7) OIED-RUR-AGO-MOS-05-1993

entón | lavábas-te | dábas-te xabón | e entón despois *collías e tirabas /po-lo cordel/*

Do mesmo xeito, atopamos construcións en que *ir* aparece sen complemento adverbial, aínda que o contexto discursivo suxire a existencia dun complemento adverbial indeterminado. En (8), o verbo *ir* mantén parte do seu significado orixinario porque *traer*, que aparece como V2, implica movemento cara ao oínte. Deste xeito, na construción de *ir* pódese evocar un complemento alativo pouco especificado:

(8) OIED-RUR-CHEN-BUEU-03-1967

e díxo-me si: | se era | nun libro | tiña un libro e *el foi e truío o libro* || e díxo-me el "¿non será un bicho coma este?" ||

Exemplos coma os de (7) e (8) son contextos ponte entre a construción coordinada e a construción hendiádica, na que *coller* e *ir* carecen de complementos (obxecto directo, complemento adverbial), perden o seu significado referencial e, en conxunción co nexo coordinante *e*, adquiren significados máis abstractos e subxectivos (relacionados co falante) e intersubxectivos (referidos ao oínte) entre os que se inclúen ‘contrario ás expectativas/sorpresa’, ‘queixa’ e ‘conflito, desconformidade’ (Hopper 2002: 169, Drew / Hakulinen / Heinemann / Niemi / Rossi 2021: 330), como se pode ver en (8) e (9):

(9) OICO-URB-CBAS-SANTIAGODECOMPOSTELA-03-2014

[o máis importante é a saúde] | e *collemos e estamos todos jodidos* porque non podemos ir a fumar ||

indica futuro en todos os seus usos discursivos. O valor de futuro ten a súa orixe nun contexto moi específico: construcións en que aparece cun infinitivo con valor final. A unha pregunta como *a que vas a Vigo?* podemos responder: [vou] [(para) traballar]. Esta é a construción na que *ir* se gramaticaliza para indicar futuro: [vou traballar]. A gramaticalización é, quizais, o máis fecundo dos procesos de cambio sintáctico, entre os que se inclúen outros como os cambios na orde de palabras (Sornicola / Poppe / Shisha-Halevy 2000) e os procesos de lexicalización (Brinton / Traugott 2005).

(10) OIED-RUR-CHEN-MESIA-02-1966

e despois taban durmindo <1,1s> e *foi e encendeu unha cerilla* || empézalle ela "ay | juan | <1,3s> el barco de oro no lo volverás a ver" ||

Como indican Giusti / Di Caro / Ross (2022: 10), o número de verbos que aparece na posición de VI é bastante limitado e, como acostuma suceder coas fontes léxicas dos marcadores de tempo/modo/aspecto (Bybee / Perkins / Pagliuca 1994), repítense de maneira recorrente nas linguas do mundo. Entre eles, están os verbos de movemento, principalmente *ir* e *vir*, e verbos de postura coma *sentar/estar sentado*, *poñerse de pé/estar levantado* e *xacer/tombarse* (véx. Lødrup 2019 para o noruegués e Proske 2023 para o alemán). Amais, nas linguas europeas tamén é frecuente o verbo *coller*. Neste traballo, analizaremos os patróns de uso das construcións hendiádicas que xorden tanto de verbos transitivos (a través de *coller*) como intransitivos (a través de *ir*). Na próxima sección, explicamos os datos en que baseamos a análise, así como a metodoloxía do estudo.

3. Datos e metodoloxía

A análise das construcións hendiádicas que presentamos neste traballo está baseada nos patróns de uso que atopamos no *Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega (CORILGA)*, creado polo Instituto da Lingua Galega (Fernández Rei / Regueira Fernández 2019). Este corpus consta dun millón catrocentas mil palabras de galego oral e inclúe mostras de variedades informais (conversa) e formais (entrevistas, discursos, conferencias) dun período de tempo que vai dende 1964 ata 2018. As gravacións conteñen datos de homes e mulleres de diferentes idades (dende adolescentes ata anciáns) procedentes tanto de zonas rurais como urbanas.

Para este traballo, utilizamos a sección de galego informal porque estamos a estudar un proceso de gramaticalización en curso. Os procesos deste tipo maniféstanse de maneira máis completa no xénero conversacional (Hopper 1998: 162) e ao dito xénero pertence a maior parte dos datos de galego oral do corpus. A nosa análise está baseada en aproximadamente trescentas cinco mil palabras de galego informal elixidas ao chou. Esta subsección de corpus inclúe 95 arquivos diferentes, con mostras dende 1964 ata o 2018, tal e como se indica no Cadro 1:

Décadas	Número de palabras	% do corpus
60-70	165.459	54
80-90	63.398	21
2000-	77.155	25

Cadro 1: Distribución temporal dos datos do corpus.

Neste traballo non incluiremos factores extralingüísticos na análise polos seguintes motivos:

- a. Non dispoñemos de información extralingüística (xénero, idade, nivel socioeconómico) dos falantes.
- b. O corpus contén mostras recollidas ao longo de seis décadas, pero non hai unha distribución uniforme dos datos. Por exemplo, soamente o 11% de todos os datos de galego oral informal proveñen dos últimos 25 anos.
- c. A distribución de datos a través do tempo pode tamén agochar diferenzas diastráticas (Brown / Rivas 2024: 7), nalgúns casos condicionadas pola propia historia externa da lingua. Nesta liña, obsérvase un nesgo cara a variedades rurais do galego nas primeiras décadas (60 e 70) e cara a variedades urbanas nos anos 2000.

Deste corpus extraírense todos os exemplos de [V1 + *e* + V2] en cuxo primeiro membro aparece *coller* ou *ir*, sexan construcións coordinadas ou construcións hendiádicas. Para identificar as construcións hendiádicas, baseámonos en primeiro lugar nun trazo sintáctico: a ausencia de complementos verbais (obxecto directo no caso de *coller* e complemento adverbial no caso de *ir*). Porén, aínda que este trazo sintáctico é unha condición necesaria para que a construción sexa hendiádica, non é suficiente. Existen casos en que *coller* e *ir* aparecen sen complementación verbal pero manteñen o seu significado orixinario porque a súa complementación (por ex. *a vara das vacas* en (10)) aparece no contexto inmediatamente anterior. Isto é posible porque os argumentos verbais, aínda sendo centrais, non se mostran obrigatoriamente na cláusula (Álvarez / Xove 2002: 71):

(11) OIED-RUR-CHEN-BUEU-10-1967

collín a vara das vacas e dos bois -tñamos bois# | *collín e fun* alá |

Estes exemplos exclúense da categoría das hendiádicas, así como as construcións ponte (véxase (7) e (8)) en que, sen estar presente, se pode rastrexar o complemento verbal e xa que logo, o V1 mantén polo menos parte do seu significado orixinario.

Na categoría de construción hendiádica inclúense soamente aqueles exemplos en que, amais de *coller/ir* careceren de complementos verbais, a construción fai claramente referencia a unha única acción. As construcións ponte ou casos coma os de (11) forman parte da categoría das coordinadas. Tamén entran nesta categoría exemplos como os que aparecen en (4), (5) e (6), en que *coller* e *ir* se constrúen con complemento directo e adverbial respectivamente, e van seguidos dun verbo que ten o mesmo suxeito, temporalidade, modo e polaridade.

Deste xeito, identificamos dúas construcións sintácticas para expresar a mesma función: atrasar un punto climático da narración. Estas son a construción coordinada (máis antiga) e a hendiádica (máis innovadora). Todos os exemplos de ambas as dúas construcións se analizan de acordo cos seguintes factores lingüísticos:

VI: *coller, ir*. Utilízase este factor para determinar se a construción hendiádica presenta algunha preferencia no que respecta á escolla de auxiliar.

Temporalidade: analizamos a temporalidade do VI (*coller, ir*) para determinar se existen patróns gramaticais nesgados no que respecta á frecuencia de uso de determinados tempos verbais na construción hendiádica. Noutras linguas, esta construción presenta restricións de aparición condicionadas polo tempo/modo/aspecto do VI. Baseándose en datos de linguas románicas e xermánicas, Giusti / Di Caro / Ross (2022: 14) suxiren que a seguinte xerarquía de formas temporais/modais/aspectuais condiciona a aparición das construcións hendiádicas nestas linguas:

imperativo > presente de indicativo > pretérito de indicativo > imperfecto de indicativo > imperfecto de subxuntivo

Algunhas linguas (por ex., variedades do holandés) soamente permiten o uso de construcións hendiádicas no imperativo, mentres que outras (por ex., variedades do siciliano) as restrinxen ao imperativo e ao presente de indicativo; noutras máis esténdense ao pretérito de indicativo e así sucesivamente. No corpus atopamos exemplos no imperativo e en todos os tempos de indicativo (presente, pretérito e imperfecto), así como en imperfecto de subxuntivo.

Persoa gramatical do suxeito: do mesmo xeito que sucede co factor da temporalidade, preténdese establecer se algunhas persoas gramaticais se ven significativamente favorecidas na construción hendiádica. Nalgunhas linguas, esta está restrinxida a persoas gramaticais específicas (Giusti / Di Caro / Ross 2022: 14). En galego, pode aparecer con todas as persoas gramaticais. O corpus proporciónanos exemplos de todas elas, coa excepción de *vós*, probablemente por ser unha forma de baixa frecuencia de uso.

Aktionsart do V2: clasifícanse os verbos en estados, actividades, logros e realizacións (Vendler 1957, Dowty 1979). Estas catro categorías distínguense tendo en conta tres oposicións aspectuais: estático/dinámico, télico/atélico (é dicir, con/sen punto final) e puntual/durativo:

- a. Os estados (por ex., *estar coa familia, ter unha enfermidade, quedarse mirando*) son non dinámicos (estáticos), atélicos e durativos.
- b. As actividades son dinámicas, atélicas e durativas: *mirar no libro, buscar, andar*.
- c. As realizacións son dinámicas, télicas e durativas: *volver, especializarse, baixar*.
- d. Os logros son dinámicos, télicos e puntuais: *caer, dar, agarrarse*.

Para determinar a Aktionsart do verbo, utilizamos o infinitivo e os seus complementos, seguindo o procedemento establecido en traballos anteriores (por ex., Schwenter / Torres Cacoullós 2008). A presenza e tipo de complementos verbais condiciona a Aktionsart. Por exemplo, *mirar no libro* é unha actividade e *mirar o libro* é unha realización. Ambos os dous son eventos dinámicos e durativos, pero o primeiro é atélico mentres que o segundo é télico. Giusti / Di Caro / Ross (2022: 10) sinalan que na posición de V2 acostuma aparecer calquera tipo de procesos, coa excepción de verbos estativos, aínda que nalgunhas linguas a dita posición está máis restrinxida e admite soamente verbos axentivos ou transitivos. A hipótese que manexamos é que canto máis gramaticalizada estea a construción

hendiádica menos serán as súas restricións de uso no que respecta aos tipos de Aktionsart.

Utilizamos a metodoloxía variacionista (Labov 1994, Tagliamonte 2012) para identificar a gramática probabilística das construcións hendiádicas no discurso natural a través dos factores lingüísticos que presenten unha diferenza estatisticamente significativa no que respecta á frecuencia relativa de aparición das construcións hendiádicas (en oposición ás construcións coordinadas). Na seguinte sección presentamos un resumo dos resultados da nosa análise.

4. Resultados

Os resultados desta sección están baseados en 327 exemplos dos cales o 32% (N=106) son casos de construcións hendiádicas. Como se pode ver no Cadro 2, as porcentaxes de construcións hendiádicas cos verbos *coller* e *ir* son practicamente as mesmas, a pesar de contarmos cun número máis elevado de exemplos con *ir* (N=216) que con *coller* (N=111).

Construción	<i>coller</i>		<i>ir</i>	
	N	%	N	%
<i>Coordinada</i>	77	69	144	67
<i>Hendiádica</i>	34	31	72	33
Total	111	34	216	66

Cadro 2: Porcentaxe de construcións hendiádicas segundo o V1.

Co obxectivo de saber que factores lingüísticos (dos mencionados no apartado anterior) condicionan de maneira estatisticamente significativa a aparición da construción hendiádica, levamos a cabo varias análises estatísticas dos datos en que baseamos a análise utilizando a función de *lmer* de R (The R Project for Statistical Computing, s. d.). Incluímos como factor aleatorio o V2 en infinitivo.

Como se pode ver nos cadros seguintes, os patróns de uso de *coller* e *ir* son bastante diferentes no que respecta á temporalidade do V1, persoa gramatical do suxeito do V1 e Aktionsart do V2. En canto á temporalidade (Cadro 3), as construcións hendiádicas con *coller* prefiren o pretérito, mentres que as de *ir* aparecen máis frecuentemente en presente. Así mesmo, *ir* é moito máis común na terceira persoa de singular que na primeira persoa. Pola contra, as porcentaxes de primeira e terceira persoa de singular con *coller* son case iguais (Cadro 4). Finalmente, no Cadro (5) obsérvase unha discrepancia importante no que respecta á porcentaxe de uso de *coller* (57%) e *ir* (25%) en construcións hendiádicas cun verbo estativo como V2.

	<i>coller</i>		<i>ir</i>	
	N	%	N	%
Presente	8	26	53	54
Pretérito	20	36	16	19
Outros	6	23	3	9

Cadro 3: Porcentaxe de construcións hendiádicas con *coller* e *ir* segundo a temporalidade.

	<i>coller</i>		<i>ir</i>	
	N	%	N	%
<i>Eu</i>	6	35	11	24
Terceira singular	19	36	58	47
Outras	9	22	3	6

Cadro 4: Porcentaxe de construcións hendiádicas con *coller* e *ir* segundo a persoa gramatical do suxeito.

	<i>coller</i>		<i>ir</i>	
	N	%	N	%
Estados	4	57	4	25
Actividades	1	11	3	9
Logros	11	26	22	36
Realizacións	18	33	43	41

Cadro 5: Porcentaxe de construcións hendiádicas con *coller* e *ir* segundo a Aktionsart do V2.

Como consecuencia destas diverxencias, non é posible incluír nunha mesma análise estatística os datos de *coller* e *ir* sen que xurdan interaccións entre os diferentes factores fixos que fan que a análise falle ou que o modelo non converxa. Tendo isto en conta, resumiremos os resultados deste traballo a través de tres análises estatísticas diferentes. Coa primeira destas análises, en que se inclúen todos os datos (N=327), o noso obxectivo foi determinar se a construción hendiádica favorecía de maneira significativa algún dos dous verbos que aparecen como VI (*coller*, *ir*). Este foi o único factor fixo que incluimos na análise amais do factor aleatorio infinitivo do V2 (N=103). Os resultados amosan que a construción hendiádica presenta un certo nesgo cara ao verbo *ir* (estimado: 0,08, erro estándar 0,27), pero a dita diferenza non é estatisticamente significativa ($p=0,77$).

As outras dúas análises estatísticas teñen como obxectivo identificar cales dos factores lingüísticos mencionados no apartado anterior condicionan de maneira significativa a aparición da construción hendiádica. No Cadro 6 resúmense os resultados referentes as construcións con *ir* e no Cadro 7 as construcións con *coller*.

Efecto aleatorio	Varianza	Desviación estándar	
Verbo	1,07	1,03	
Efectos fixos	Estimado	Erro estándar	Significatividade
(Intersección)	-2,57	0,83	**
Temporalidade: presente	2,39	0,79	**
Temporalidade: pretérito	-0,12	0,81	ns
Persoa: <i>eu</i>	-1,17	0,54	*
Persoa: <i>ti, vostede, nós, 3ª de plural</i>	-3,12	0,75	***
Aktionsart: télico (logros e realizacións)	1,7	0,67	*
AIC = 204,1 N=216 Factor aleatorio: verbo (N=77) Os coeficientes positivos asócianse co uso da construción hendiádica. Códigos de significatividade: valor de p = 0 *** 0,001 ** 0,01 * 0,05 . 0,1 ns 1			

Cadro 6: Factores lingüísticos que condicionan a aparición da construción hendiádica con *ir*.

Como se pode ver no Cadro 6, o uso das construcións hendiádicas con *ir* está condicionado polos tres factores lingüísticos que se incluíron na análise: temporalidade do V1, persoa gramatical do suxeito do V1 e Aktionsart do V2. En canto á temporalidade, o presente favorece de maneira moi acentuada o uso da construción hendiádica en oposición aos outros tempos, aínda que no caso do pretérito a diferenza no acada significativade estatística. A persoa gramatical do suxeito do V1 tamén condiciona de maneira estatisticamente significativa o uso de construción hendiádica. Os suxeitos de primeira persoa de singular (*eu*), segunda persoa (*ti, vostede*), primeira persoa de plural (*nós*) e terceira persoa de plural desfavorecen a dita construción, como se indica no Cadro 6. Isto quere dicir que a construción hendiádica se ve favorecida polos suxeitos de terceira persoa de singular. Por último, a Aktionsart do V2 tamén restrinxe o uso desta construción: a frecuencia de aparición de procesos télicos (logros e realizacións) é significativamente máis alta que a de procesos atélicos (actividades e estados).

Efecto aleatorio	Varianza	Desviación estándar	
Verbo	0,53	0,73	
Efectos fixos	Estimado	Erro estándar	Significatividade
(Intersección)	-0,75	0,97	ns
Temporalidade: presente	-0,12	0,76	ns
Temporalidade: pretérito	0,34	0,76	ns
Persoa: <i>eu</i>	-0,13	0,66	ns
Persoa: <i>ti, vostede, nós, 3ª de plural</i>	-0,45	0,66	ns
Aktionsart: télico (logros, realizacións)	-0,26	0,68	ns
AIC = 145,1 N=111 Factor aleatorio: verbo (N=53) Os coeficientes positivos asócianse co uso da construción hendiádica. Códigos de significatividade: valor de p = 0 *** 0,001 ** 0,01 * 0,05 . 0,1 ns 1			

Cadro 7: Factores lingüísticos que condicionan a aparición da construción hendiádica con *coller*.

Os resultados da análise das construcións con *coller* (Cadro 7) amosan que as diferenzas que se observan en canto ao uso das construcións hendiádicas fronte ás construcións coordinadas no que respecta á temporalidade e persoa gramatical do suxeito do V1 e a Aktionsart do V2 non acadan significatividade estatística. Estes resultados indican que o uso da construción hendiádica con *coller* non presenta nesgos significativos no que respecta a estes factores lingüísticos.

5. Análise

Neste traballo presentamos unha aproximación ás construcións hendiádicas do galego baseada nos patróns de uso que atopamos nun corpus de conversas informais e contrastándoos cos da construción coordinada. Restrinximos a nosa análise a aqueles exemplos en que os verbos *ir* e *coller* aparecen na posición de V1. A pesar de que a construción hendiádica non amosa preferencias por ningún dos dous verbos, os patróns de uso de *ir* e de *coller* son suficientemente diferentes como para esixir unha análise por separado. Os resultados das ditas análises, resumidos no apartado anterior, suxiren que a construción hendiádica con *coller* está máis

gramaticalizada que a construción hendiádica con *ir*. Esta análise vese apoiada polo feito de que ningún dos factores lingüísticos que se considera (temporalidade do V1, persoa gramatical do V1 e Aktionsart do V2) condiciona de maneira significativa a aparición da construción hendiádica con *coller*. Isto quere dicir que, ao contrario do que sucede noutras linguas (Giusti / Di Caro / Ross 2022), *coller* aparece en diferentes tempos, modos e persoas, sen que ningún sexa favorecido na análise estatística. Amais, na posición de V2 aparecen verbos con todo tipo de Aktionsart, incluíndo estados, como se mostra en (9).

Pola contra, as construcións hendiádicas con *ir* están condicionadas pola temporalidade e a persoa gramatical do suxeito do V1 e tamén pola Aktionsart do V2. Como se indicou no apartado anterior, esta construción favorécese cando *ir* está en presente cun suxeito de terceira persoa de singular e cando na posición do V2 aparece un logro ou unha realización, é dicir, estados de cousas télicos (con punto final). Estas restricións identificadas pola análise estatística, suxiren que o proceso de gramaticalización das construcións hendiádicas con *ir* está menos avanzado que o das construcións hendiádicas con *coller*.

Unha análise pormenorizada dos contextos de uso discursivos das construcións hendiádicas con *coller* e *ir* revela diferenzas adicionais entre ambas. No caso de *coller*, a temporalidade dos verbos que aparecen na posición V1 e V2 coincide no 88% (N=30/34) dos casos. A coincidencia de persoa gramatical do suxeito entre o V1 e V2 e aínda maior: 94% (N=32/34). En contraposición, o V1 e V2 comparten a mesma temporalidade en soamente o 40% (N=29/72) das construcións hendiádicas con *ir*. En canto á persoa gramatical do suxeito, a coincidencia é do 93% (N=67/72), moi semellante á que atopamos con *coller*.

O 98% (N=42/43) de todas as construcións con *ir* en que hai unha discrepancia de temporalidade entre os dous verbos seleccionan o presente como V1. Así mesmo, nos 5 casos nos que a persoa gramatical do suxeito non coincide, o V1 aparece en terceira persoa de singular. Como se indicou no apartado anterior (Cadro 6), a análise estatística selecciona o presente e a terceira persoa como dous factores lingüísticos que condicionan de maneira estatisticamente significativa a aparición da construción hendiádica con *ir*. Isto parece apuntar á existencia dunha micro-construción de carácter máis formulario: [*vai e* + V2]⁴, en que a temporalidade do V2 non está restrinxida ao presente. Como se pode ver nos exemplos seguintes, esta micro-construción utilízase principalmente en narracións en pasado. De feito, no 88% (N=37/42) dos casos, o V2 está en pretérito. *Vai* é, xa que logo, un presente histórico (Rivas Cid 1994: 332):

(12) OICO-RUR-AGO-MUROS-01-1993

[o día da fes]ta || <0.4> [ieu quedei muerta | tío]! || [isi que o vin!] || en elásticos | todo atractiv# || (INH) ¿e que tiña vestido por abaixo? | ¿un pantalón? || un pantalón ca {(risas) petrina [desabrochada]} || [(risas)] || <0.9> (INH) ihabía+nos de salir en calzoncillos | tío! || idestes | largos | de felpa! || ique asco | tía! || % icaíamos po-las

⁴ Dende unha perspectiva formal, Bravo (2020: 171) analiza a construción equivalente en español como un caso de adverbio discursivo.

escaleiras xa do mareo! || % eu cando baixei e: | e: | Cruz ló | quedou alucinda || <1.1>
 di# | di# || (INH) íe que Cruz subira para riba | non? || Cruz b# | estaba baixando |
 e veu+no | e: || esca[pou correndo] || [o tío viña] | viña con mala leche e **vai Cruz**
e subeu outra vez para riba || %

(13) OIED-RUR-CHEN-BUEU-13-1967

señora | íno hace el favor de | non fai o favor de me deitar esta noite aquí? que son
 probiño e está (cerrado) a chover e non | e díxolle el | díxolle ela "si | <1,5s> si | home
 | si | deito | <1,0s> camas de sobra hai || <1,2s> e | e **vai ela e deitouno** || <1,0s>

Como se pode ver en (12) e (13), o verbo *ir* leva un suxeito posverbal (*Cruz*, *ela*). En galego, a pesar de contar cunha orde de palabras flexible, a posición preverbal é a posición non marcada do suxeito (Álvarez / Xove 2002: 77) porque este xeralmente transmite información coñecida, é dicir, información que se mencionou no discurso anterior (Chafe 1994: 72). De feito, os suxeitos que introducen información que se menciona por primeira vez, é dicir, información nova tenden a aparecer en posición posverbal (Álvarez / Xove 2002: 78-79). Nas linguas románicas é común utilizar o verbo *ir* para introducir por primeira vez no discurso un participante (véx. Dumont 2016: 120 para o español). Porén, nos exemplos que se mencionan en (12) e (13), o suxeito de *vai* non transmite información nova dado que tanto *Cruz* en (13) coma *ela* en (14) aparecen mencionados no contexto anterior. Nestes casos, a posición posverbal do suxeito semella cumprir dúas funcións discursivas. Por unha parte, funciona como un mecanismo lingüístico para indicar que existe no contexto máis dun candidato en competencia pola referencia do suxeito. Por exemplo, en (13) a narración xira arredor de tres participantes: a narradora, un home en elásticos e Cruz. O suxeito posverbal de *vai* (*Cruz*) indica cal destes participantes gañou a referencia como axente da acción que se menciona no V2.

Por outra parte, a posición posverbal do suxeito tamén pode ser debida ao carácter subxectivo da construción hendiádica. Como vimos anteriormente, a función desta construción é atrasar un punto climático da narración que o falante quere resaltar porque lle provoca algún tipo de reacción (sorpresa, desacordo, crítica). A expresión de eventos sorprendentes ou contrarios ás expectativas comporta noutros casos alteracións na orde de palabras (Rivas 2018: 386). En linguas como español, esta función pragmática asóciase con suxeitos posverbais (Ocampo 1990: 96, 1995: 439). De feito, a aparición dun suxeito posverbal non se limita á construción [*vai* SUXEITO e V2], senón que xorde tamén noutras construcións hendiádicas, tanto con *ir* como con *coller*, como se ilustra en (14) e (15) respectivamente:

(14) OIED-RUR-CHEN-CERCEDA-01-1966

e a muller | que lle pesara xa decir o que dixo | foi chama-la madre | que taba noutra
 habitación | e mailo padre || dixo "imadre | mamá | levántese! <1,2s> e **foi a madre**
e levantouse como se fora unha cousa extraordinaria ||

(15) OICO-URB-CBAS-SANTIAGODECOMPOSTELA-06-2014

[home | bueno | mira ti || xa] | escoita | fala de ligar | e di-che | [de novo líga-se moito máis] | bueno | pois *colla usté e váia-se pa casa* |

A micro-construción [*vai* SUXEITO *e* + V2] parece estar vencellada a un patrón lingüístico relativamente frecuente no corpus que manexamos. Como en [*vai* SUXEITO *e* V2], o verbo *ir* aparece en presente, cun suxeito posverbal xeralmente en terceira persoa e *vai* seguido dun verbo conxugado. Porén, os ditos verbos non están unidos a través dunha conxunción. De feito, como se pode ver en (16), ás veces están separados por unha pausa:

(16) OIED-RUR-CHEN-BUEU-13-1967

e entonces dice "e <1,0s> o toro non o podo matare | díxolle o criado | o toro non o podo matar | que despois vén meu amo | <1,9s> si | máta-lo toro e despois díceslle unha mentira || <2,7s> *vai o rapaz / o criado* | <1,4s> *matou o toro* ||

Construcións como as de (16) semellan cumprir a mesma función retórica que as construcións hendiádicas: atrasar un punto climático na narración. Amais, como sucede con [*vai* SUXEITO *e* V2] o suxeito posverbal indica cal dos participantes que aparece no contexto anterior gaña a referencia como axente do verbo que segue (*matou*, neste caso). Esta semella ser a súa función fundamental, xa que nalgúns casos aparece como o primeiro dunha construción coordinada con múltiples membros:

(17) OIED-RUR-CHEN-BUEU-07-1967

querían comer e non tiñan | non tiñan diñeiro || e díxo-lle moito un "eu vou comer" || díxo-lle el "¿e tu tes cartos?" dixo el "eu non teño chica" || <0.6> díxo-lle moito o outro "non terás chica pero eu como de balde" || <1.1> e dixo el "comerás" | dixo el "si | {apelación> ho}" || *vai el entrou nunha tasca* <dúas palmadas> | tocou as mans e pideu | comida || pa comer || (INH)

De feito, despois de *vai*, pode tamén aparecer unha construción hendiádica con *coller*, como se ilustra en (18):

(18) OIED-RUR-CHEN-BUEU-11-1967

entonces pasaron días | trascorriron días pero chegou un día e dixo "a ver -dixo# que salgan todos los que usted quiera || *vai el / colleu e botou todos fóra* ||

Os usos de *vai* que se discuten nas liñas anteriores suxiren que esta forma verbal se está gramaticalizando como un marcador para mover a narración cara adiante, sobre todo en contextos discursivos en que existen varios participantes en competición pola referencia do suxeito. Queda para futuros traballos determinar se estes usos de *vai* xorden da construción hendiádica con *ir* ou se se desenvolveron de maneira independente.

6. Conclusións

Un dos mecanismos de que dispoñemos en galego para atrasar un punto climático dentro dunha historia é a construción coordinada. No primeiro membro desta construción, atopamos os verbos *coller* ou *ir*. Estes verbos están unidos a través da conxunción *e* co segundo verbo da construción, co que comparten temporalidade, modo, polaridade e persoa gramatical do suxeito. Desta construción coordinada, máis antiga, xorde outra máis recente: a construción hendiádica. Nesta última, os verbos *coller e ir* experimentan un proceso de gramaticalización: perden parte da súa estrutura argumental, así como o seu significado orixinario e adoptan significados máis abstractos, ata formaren unha unidade lingüística coa conxunción coordinante. Deste xeito [*coller e*] e [*ir e*] convértense en «adxuntos» gramaticais do segundo verbo da construción, que é o que leva a carga semántica. Así, mentres que a construción coordinada expresaba dous eventos separados, a construción hendiádica remite a un único evento.

A pesar de que as construcións hendiádicas con *coller e ir* emerxen no mesmo contexto discursivo, o seu comportamento é moi diferente, tal e como revelan os resultados das análises estatísticas en que se comparan os seus patróns recorrentes de uso cos das oracións coordinadas de que emerxen. Para iso, consideráronse na análise tres factores lingüísticos que condicionan o uso da construción hendiádica noutras linguas: temporalidade de *coller/ir*, persoa gramatical do suxeito de *coller/ir* e Aktionsart do segundo verbo. Ningún destes factores restrinxe de maneira significativa a aparición das construcións hendiádicas con *coller*. Este resultado interprétase como proba de que o proceso de gramaticalización das ditas construcións está moi avanzado. Pola contra, a construción hendiádica con *ir* vese preferida de maneira estatisticamente significativa cando *ir* está en terceira persoa de singular do presente e cando o segundo verbo expresa un estado de cousas télico (é dicir, con punto final). Un estudo pormenorizado destes patróns de uso suxire a existencia dunha micro-construción [*vai* SUXEITO *e* V2] que se utiliza nas narracións en pasado como un mecanismo para mover a acción cara adiante en contextos en que existen varios participantes que compiten pola referencia do suxeito do evento que se expresa no segundo verbo da construción.

Referencias bibliográficas

- Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Bravo, Ana (2020): «On pseudo-coordination in Spanish», *Borealis: An International Journal of Hispanic Linguistics* 9/1, 125-180.
- Brinton, Laurel / Elizabeth C. Traugott (2005): *Lexicalization and language change*. Cambridge: Cambridge University Press.

- Brown, Esther L. / Javier Rivas (2024): «Variant choices of future time reference in Galician: The grammaticalization of [*haber (de) + INFINITIVE*] as a window to diachronic change», *Languages* 9, 142. <https://doi.org/10.3390/languages9040142>.
- Bybee, Joan (2010): *Language, usage and cognition*. Cambridge: Cambridge Univ. Press.
- Bybee, Joan / Revere Perkins / William Pagliuca (1994): *The evolution of grammar. Tense, aspect, and modality in the languages of the world*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins.
- Chafe, Wallace (1994): *Discourse, consciousness and time. The flow and displacement of conscious experience in speaking and writing*. Londres/Chicago: The University of Chicago Press.
- Dowty, David (1979): *Word meaning and Montague grammar*. Dordrecht/Boston/Londres: Reidel.
- Drew, Paul / Auli Hakulinen / Trine Heinemann / Jarkko Niemi / Giovanni Rossi (2021): «Hendiadys in naturally occurring interactions: A cross-linguistic study of double verb constructions», *Journal of Pragmatics* 182, 322-347.
- Dumont, Jenny (2016): *Third person references. Forms and functions in two spoken genres of Spanish*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins.
- Fernández Rei, Elisa / Xosé L. Regueira Fernández (2019): «CORILGA: Un corpus para o estudo da variación e do cambio lingüístico no galego falado», en M. Blanco / H. Olbertz / V. Vázquez (eds.), *Corpus y construcciones. Perspectivas hispánicas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións, 221-243.
- Giusti, Guiliana / Vincenzo Di Caro / Daniel Ross (2022): «Pseudo-coordination and multiple agreement constructions: an overview», en G. Giusti / V. Di Caro / D. Ross (eds.), *Pseudo-coordination and multiple agreement constructions*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company, 1-32.
- Giusti, Guiliana / Vincenzo Di Caro / Daniel Ross (eds.) (2022): *Pseudo-coordination and multiple agreement constructions*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company.
- Hopper, Paul (1998): «Emergent grammar», en M. Tomasello (ed.), *The new psychology of language: Cognitive and functional approaches to linguistic structure*. Englewood Cliffs, NJ: Earlbaum, 155-175.
- Hopper, Paul (2002): «Hendiadys and auxiliation in English», en J. Bybee / J. Haiman / M. Noonan (eds.), *Complex sentences in grammar and discourse: A Festschrift for Sandra Thompson*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, 145-173.
- Hopper, Paul / Elizabeth C. Traugott (2003): *Grammaticalization*. 2ª ed. Cambridge: Cambridge University Press.

- Labov, William (1994): *Principles of linguistic change. Internal factors*. Oxford: Blackwell.
- Lehmann, Christian (2015): *Thoughts on grammaticalization*. 3ª ed. Berlin: Language Science Press.
- Lødrup, Helge (2019): «Pseudocoordination with posture verbs in Mainland Scandinavian: A grammaticalized progressive construction?», *Nordic Journal of Linguistics* 42/1, 87-110.
- Ocampo, Francisco (1990): «The pragmatics of word order in constructions with a verb and a subject», *Hispanic Linguistics* 4/1, 87-128.
- Ocampo, Francisco (1995): «The word order of two-constituent constructions in spoken Spanish», en P. Downing / M. Noonan (eds.), *Word Order in discourse*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, 425-447.
- Proske, Nadine (2023): «Pseudo-coordinated *sitzen* and *stehen* in spoken German: A case of emergent progressive aspect?», *Journal of Germanic Linguistics* 35/4, 447-486.
- Quirk, Raldoph / Sidney Greenbaum / Geoffrey Leech / Jan Svartvik (1985): *A comprehensive grammar of the English language*. Londres/Nova York: Longman.
- Rivas, Javier (2018): «Immediacy, counter-expectation, and grammatical marking: intransitive constructions with an accusative clitic in Galician/Galego», *Studies in Hispanic and Lusophone Linguistics* 11/2, 367-393.
- Rivas Cid, Xoán (1994): «A perífrase *agarro e marchó* no galego», en R. Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Universidade de Santiago de Compostela, 1989)*, vol. VI. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 327-335.
- Ross, Daniel (2014): «El origen de los estudios sobre la pseudocoordinación verbal», *Diálogo de la Lengua* 6, 116-132.
- Ross, Daniel (2016): «Between coordination and subordination: Typological, structural and diachronic perspectives on pseudocoordination», en F. Pratas / S. Pereira / Clara Pinto (eds.), *Coordination and Subordination: Form and Meaning – Selected Papers from CSI Lisbon 2014*. Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars, 209-243.
- Ross, Daniel (2022): «Pseudocoordination and serial verb constructions as multi-verb predicates», en G. Giusti / V. Di Caro / D. Ross (eds.), *Pseudo-coordination and multiple agreement constructions*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company, 315-336.
- Sánchez-Ayala, Ivo (1999): «English pseudo-coordination». Manuscrito inédito, Universidade de California Santa Barbara.
- Sánchez-Ayala, Ivo / Javier Rivas (2015): «Null direct objects in Spanish conversation», *Hispanic Research Journal* 16/2, 107-126.

- Schwenter, Scott / Rena Torres Cacoullos (2008): «Defaults and indeterminacy in temporal grammaticalization: The 'perfect' road to perfective», *Language Variation and Change* 20, 1-39.
- Sornicola, Rosanna / Erich Poppe / Ariel Shisha-Halevy (eds.) (2000): *Stability, variation, and change of word-order patterns over time*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins.
- Stathi, Katerina (2023): *Granularity in the verbalization of events and objects: A cross-linguistic study*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins.
- Tagliamonte, Sali A. (2012): *Variationist sociolinguistics. Change, observation, interpretation*. Malden / Oxford: Wiley-Blackwell.
- Vendler, Zeno (1957): «Verbs and times», *The Philosophical Review* LXVI, 143-160.